



CONCELLO DE ARANGA

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E MANTENIMENTO DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL ENTRE OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA E VILARMAIOR.-

En Aranga, a 28 de outubro de 2019, REÚNENSE:

Dunha parte don Alberto Platas Álvarez, con domicilio en Roibos nº 7 (Aranga) e DNI nº 79.322.355R, no nome e representación do Concello de ARANGA, con CIF nº P1500300G e domicilio en Praza Mestre Mosquera (Ponte-Aranga) 15317 Aranga.

Doutra parte don Antonio Deibe Sanmartín, con domicilio en Lg/ Cal de Samede, nº 5 (Ambroa) e DNI nº 32.625.692-P, no nome e representación do Concello de IRIXOA, con CIF nº P1504000-I e domicilio en Pazo de Irixoa, nº 6-A (15313 - IRIXOA).

E doutra parte don Carlos Vázquez Quintian, con domicilio en Armada nº 1 (Vilarmaior) e DNI nº 32.663.674V, no nome e representación do concello de VILARMAIOR, con CIF nº P1509200J e domicilio en Armada nº 1, 15637 VILARMAIOR.

Comparecen as partes recoñecendo mutuamente plena capacidade legal para suscribir o presente documento conforme ao determinado na normativa vixente e

EXPOÑEN:

1. Os axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais, configúranse como persoal contratado das entidades locais que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. Deste senso, no concello de Aranga vense prestando o dito servizo dende hai moitos anos, coa financiación da Xunta de Galicia, cuns resultados positivos e dinamizadores.

2. A Xunta de Galicia ten convocado, mediante Orde do 18 de setembro de 2019, subvencións para manter a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019, e os concellos reunidos entenden que a continuidade do servizo redunda en beneficio da poboación e economía de todos eles.

Polo exposto, conveñen nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeiro: Os concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior agrúpanse para o mantemento do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e para a solicitude da subvención para o seu financiamento á Xunta de Galicia. A agrupación funcionará sen personalidade xurídica propia, polo que a capacidade de obrar remítese á que posúen cada un dos conveniados.

Segundo: O Concello de Aranga queda facultado para a solicitude de subvención á Xunta de Galicia, para a financiación dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local ó abeiro da orde do 18 de setembro de 2019.





CONCELLO DE ARANGA

Terceiro: O Concello de Aranga encargárase da tramitación da solicitude e das demais actuacións necesarias para o mantemento da axente de emprego e desenvolvemento local. O concello de Aranga facilitará o local e medios de traballo . Os gastos de funcionamento financiaráanse con cargo a subvención que se obteña da Consellería e, con cargos aos orzamentos municipais do concello de Aranga, sen que poida liquidar aos outros concellos ningunha cota económica de participación.

Cuarto: O persoal contratado realizará as funcións que se indican no apartado 2 do artigo 3º da Orde do 18 de setembro de 2019 e terá a súa sede laboral no concello de Aranga, prestando servizos ás persoas, físicas ou xurídicas, residentes en calquera dos tres concellos conveniados, podendo solicitar calquera deles, asesoramento, informe, mediación etc do servizo na materia.

Quinto: No caso de precisarse a tramitación dalgún procedemento selectivo de persoal, os tres concellos conveniados desinarán representantes na comisión avaliadora, tramitándose no concello de Aranga.

Sexto: A duración do presente convenio é indefinida, mentras os concellos se manteñan agrupados para o servizo; o concello que non desexe seguir na agrupación deberá comunicalo expresamente aos restantes, computándose a baixa a partir do día 1 do mes natural seguinte á recepción da última comunicación.

Sétimo: O órgano de coordinación e seguemento será unha comisión formada polos alcaldes dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e un representante máis de cada concello, ben con carácter de corporativo ou ben pertencente ao seu persoal, formando parte da mesma a axente de emprego e desenvolvemento local do servizo. A comisión de coordinación terá as reunións extraordinarias que se precisen e unha reunión ordinaria con periodicidade anual na data que acorden conxuntamente.

En proba da súa conformidade asinan por triplicado exemplar na data e lugar indicados. Do que como secretaria dou fe.

O ALCALDE
Polo Concello de Aranga

O ALCALDE ;
Polo Concello de Vilarmaior

O ALCALDE
Polo Concello de Irixoa

A secretaria
Ana M.ª Ocampo Pérez-Gorostiaga

